

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA**

*ANUNCIO do 26 de abril de 2018 polo que se convoca o proceso selectivo para a contratación dun/dunha técnico/a I especialista en caracterización molecular de variedades de castiñeiro mediante a modalidade contractual de realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica para o desenvolvemento dos obxectivos do Plan de innovación e mellora forestal de Galicia.*

No taboleiro de anuncios do Instituto Galego da Calidade Alimentaria e na súa web [http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion\\_e\\_formacion/instituto\\_galego\\_da\\_calidade\\_alimentaria/documentacion/persoal/](http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/) aparecen integramente publicadas as bases da convocatoria do proceso selectivo para a contratación dun/dunha técnico/a I mediante a modalidade contractual para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica regulado na lexislación vixente que resulte de aplicación, particularmente, polo disposto nos artigos 12 e 15 do Estatuto dos traballadores modificado polo Real decreto lei 10/2010; pola Lei 12/2001, con especial referencia aos termos da disposición adicional sétima; pola Lei 14/2011 e o Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o referido artigo 15 do Estatuto dos traballadores.

Proxecto que se vai desenvolver: obxectivos do Plan de innovación e mellora forestal de Galicia 2010-2020.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no dito enderezo electrónico e no taboleiro de anuncios do Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Tomás Fernández-Couto Juanas  
Director do Instituto Galego da Calidade Alimentaria

